

**Datos do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - LMTG	
Número expediente:	Documento:
CON/2024/22	CON18I02I1
114Y 1F32 3W16 4E5M 15NL	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe do Servizo de Contratación, con data 23 de xullo de 2024, elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“En relación ao expediente para a contratación das obras denominadas “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, en cumprimento do disposto na D. A. 2ª da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, emítese INFORME-PROPOSTA en base aos seguintes

ANTECEDENTES

En data 15 de febreiro de 2024, foi elaborado o proxecto das obras de “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do Mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, polo Arquitecto Técnico (colexiado 978) José M. Saavedra Pantín, da empresa Urbe Ingenia, S.L.

Este proxecto define con precisión o obxecto do contrato, que se pretende adxudicar mediante procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 106.025,09 € (IVE incluído), incluído no expediente de modificación de créditos nº 12/2024: subexpediente nº 06/2024 de xeración de crédito (69.956,11 €), no expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito (31.807,26 €) e no expediente de modificación de crédito nº13/2024; subexpediente nº03/2024 de transferencia de crédito (4.261,72 €)

Constan no expediente a memoria xustificativa, o acordo de incoación (que inclúe a decisión de non dividir en lotes o contrato), o certificado de existencia de crédito e sobre o órgano de contratación, o prego de cláusulas administrativas, o informe de valoración dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e a acta de replanteo previo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Alcaldía de conformidade co disposto na D. A. 2ª LCSP.

Polo anteriormente exposto e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quen subscribe eleva á Alcaldía, previa fiscalización, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 106.025,09 € (IVE incluído) como presuposto base de licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900 e código de proxecto: 2024.2.00000.4.

Este gasto esta vinculado ao expediente de modificación de créditos nº 12/2024: subexpediente nº 06/2024 de xeración de crédito (69.956,11 €), ao expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e suplemento de crédito (31.807,26 €) e ao expediente de modificación de crédito nº13/2024; subexpediente nº03/2024 de transferencia de crédito (4.261,72 €).

TERCEIRO: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.”

Visto este informe-proposta, fiscalizado de conformidade con observacións pola Intervención Xeral deste Concello con data 08 de agosto de 2024 (documento IGA18I014V), esta Alcaldía-Presidencia, en uso das competencias atribuídas pola D. A. 2ª da LCSP,

RESOLVE

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación da obra denominada “Acondicionamento de beirarrúas e aparcamento en Av. do mar (Pol. Ensenada da Gándara)”, mediante procedemento aberto simplificado, convocando a súa licitación.

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 106.025,09 € (IVE incluído) como presuposto base de licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900 e código de proxecto: 2024.2.00000.4.

Este gasto esta vinculado ao expediente de modificación de créditos nº 12/2024: subexpediente nº 06/2024 de xeración de crédito (69.956,11 €), ao expediente de modificación de crédito nº 05/2024: subexpediente nº 01/2024 de crédito extraordinario e



suplemento de crédito (31.807,26 €) e ao expediente de modificación de crédito nº13/2024; subexpediente nº03/2024 de transferencia de crédito (4.261,72 €).

TERCEIRO: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

CUARTO: Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO: Publicar no perfil de contratante toda a documentación esixida no artigo 63.3 da LCSP. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***